

PROPOSTA PARA A CELEBRACIÓN DA EUCARISTÍA

MONICIÓN DE ENTRADA

Reunidos para a celebración da Eucaristía, centro do domingo cristián, abrimos o noso corazón á presenza do Señor que nos convoca ao redor da súa mesa e nos fala no íntimo de cada un.

Hoxe, tendo en conta a invitación da Conferencia Episcopal e respondendo ao desexo do noso bispo, queremos presentar a todas as persoas que se viron afectadas polas consecuencias da pandemia: os falecidos e os seus familiares, aos que se contaxiaron, aos que perderon o traballo e aos nosos anciáns.

Non nos esquecemos de dar as grazas a Deus pola labor, entrega e sacrificio de tantas persoas nesta crise.

Tamén queremos, neste 26 de xullo, día dos avós, agradecer e recoñecer a misión dos avós e das avoas e a súa grandísima contribución a vida familiar.

Coma o rei Salomón, pidamos sabedoría e intelixencia para ler os signos dos tempos e acoller, como nos propón o Evanxeo, o tesouro do Reino.

Participemos con sentido de oración, sabendo que na Santa Misa atopámonos sempre co Señor que nos vivifica coa súa graza.

ACTO PENITENCIAL

- Ti, que nos das o don do perdón e da paz. **Señor, ten piedade de nós.**

- Ti, que nos deches exemplo de gratitude e entrega a Deus Pai. **Cristo, ten piedade de nós.**

- Ti, que aceptas a nosa acción de grazas por todos os teus beneficios. **Señor, ten piedade de nós.**

ORACIÓN DOS FIEIS

- Polos que recibiron a misión de anunciar o Evanxeo do Reino de Deus e de educar na fe aos crentes. Roguemos ó Señor.
- Pola Igrexa: que se amose sempre agradecida por todo o ben que recibiu dos avós, especialmente como testemuñas da ledicia do Evanxeo. Roguemos ó Señor.
- Polas autoridades civís e públicas: que coiden da vida en todas as súas formas e xeren espazos saudables onde os nosos maiores poidan sentirse coidados e valorados. Roguemos ó Señor.
- Polo persoal médico e de enfermería, os responsables sanitarios e todos os que ofreceron o seu traballo profesional ou voluntario con xenerosidade: que lles sexa recoñecida a súa entrega e dedicación. Roguemos ó Señor.
- Polos científicos e polos farmacéuticos: que se atope o antes posible un remedio para combater esta pandemia. Roguemos ó Señor.
- Polos contaxiados, polas persoas en risco e as que senten de preto a ameaza do virus e polos anciáns que se atopan sós: para que o Señor os libere do medo e lles infunda serenidade e esperanza. Roguemos ó Señor.
- Por todos os que viven momentos de incerteza e dificultades laborais e que temen polo sostemento das súas familias, e por aqueles que perderon o seu traballo: que a ninguén lle falte o pan de cada día e a solidariedade dos irmáns. Roguemos ó Señor.
- Polos defuntos: para que o Deus da vida os acolla na súa presenza e para que encha de consolo, fortaleza e esperanza as familias. Roguemos ó Señor.

ORACIÓN POLOS NÓSOS MAIORES

*(Se parece oportuno, no momento de silencio, despois da comunión,
pódese ler esta oración)*

Señor Xesús,
Ti que naciches da Virxe María,
filla dos Santos Xaquín e Ana,
mira con amor ós avós de todo o mundo.
Protéxeos! Son unha fonte de enriquecemento
para as familias, para a Igrexa e para toda a sociedade.
Sostenos! Que cando envellezan sigan sendo,
para as súas familias, pilares fortes da fe evanxélica,
custodios dos nobles ideais do fogar,
tesouros vivos de sólidas tradicións relixiosas.
Fai que sexan mestres de sabedoría e valentía
que transmitan ás xeracións futuras
os froitos da súa madura experiencia humana e espiritual.
Señor Xesús, axuda ás familias e á sociedade
a valorar a presenza e papel dos avós.
Que xamais sexan ignorados ou excluídos,
senón que sempre atopen respecto e amor.
Axúdalles a vivir serenamente e a sentirse acollidos
durante todos os anos de vida que lles concedas.
María, Nai de tódolos viventes,
coida constantemente dos avós,
acompañaos ao longo da súa peregrinación terrea,
e coas túas oracións obtén que todas as familias
se reúnan un día na nosa patria celestial,
onde esperas á toda a humanidade
para o gran abrazo da vida sen fin.
Amén.